

RECOÑÉCESTE?




CONSULTA COA TÚA FARMACÉUTICA/O

En AGL E ADALIPE **podemos axudarte:** *información, asesoramento, actividades...Contacta con nós!*

Sentes o teu brazo ou perna inchados, formigueo, pesadez, calor ou pel encarnada?

As túas pernas parecen non corresponder ao resto do teu corpo? Fas exercicio e comes saudable pero non notas grandes cambios nas túas pernas?

Tes sensación de pesadez e fatiga no papo das pernas, mesmo sen facer gran esforzo?



LINFEDEMA

O linfedema pode ser un **efecto secundario a tratamentos oncolóxicos**; aínda que tamén poder xurdir por un **problema estrutural do sistema linfático**.


O linfedema afecta a **mulleres e homes** pero é máis común **nelas**.



LIPEDEMA

Caracterízase por **dor, pesadez, tirantez**, acompañado de **inflamación xeral**, aparición de **"celulite" ou inchazón** en pernas (ou brazo).

O lipedema afecta principalmente a **mulleres** e pode confundirse con **obesidade**.



IVC

(Insuficiencia Venosa Crónica)

Varices ou arañas vasculares, calor ou proído en nocellos, pel reseca, edema no papo das pernas, e/ou a aparición de **úlceras que non cicatrizan doadamente**.

A IVC afecta a **mulleres e homes** pero é máis común **nelas**.



COLEXIO OFICIAL
DE FARMACÉUTICOS
DE OURENSE



www.adalipe.es



www.linfedemagalicia.com

C1DEMA | TERAPIA
LINFÁTICA

www.c1dema.es

www.cofourense.es